

A descripción

Que é?


A descripción é un tipo de texto a través do que se explica como é un ser vivo, un obxecto, un lugar ou unha sensación.

“O meu cuarto estaba situado no primeiro andar da ala lateral e daba á parte de atrás do pazo; desde el, a través da dunha porta acristalada, podíase acceder á terraza que se estendía ao longo de todo o corpo principal do edificio. Baixo a terraza había un amplo espazo resgardado por soportais, un lugar ideal para buscar a sombra nos días de calor.”

Agustín Fernández Paz, Corredores de sombras, ed. Xerais


Como se fai?

1º Observamos aquilo que imos describir.



Como se fai?

2º Seleccionamos as características máis importantes.



Como se fai?

3º Ordenamos os datos. (De arriba a abaixo, do xeral ao particular, etc.)

Ten a cabeza achatada, cos ollos saltóns e o nariz groso e redondo. A súa boca é alongada e ten cara de poucos amigos. Está delgado e posúe dúas pernas longas que rematan nus pés enormes. Leva unha camisola laranxa e a súa pel é de cor gris azulada coma a dos extraterrestres.

Tipos de descripción

- **Segundo a actitude do emisor:**
 - Obxectiva
 - Subxectiva
- **Segundo o obxecto descrito: a descripción de persoa:**
 - Prosopopea
 - Etopea
 - Retrato
 - Caricatura

Tipos de descripción

- **Obxectiva: É clara e detallada, ten finalidade informativa, nela non se fan valoracións persoais, úsase nos textos científicos e técnicos.**

O raposo, raposa ou golpe é un mamífero carnívoro de pequeno e medio tamaño que pertence a varios xéneros da familia dos cánidos. Os raposos son un pouco máis pequenos que un can doméstico medio, cun cranio achatado, orellas triangulares, un fociño punzante, lixeiramente virado cara a arriba, e unha longa e espesa cola.

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Raposo>

Tipos de descripción

Subxectiva: Faise desde un punto de vista persoal, achéganse opinións e emocións, emprégase linguaxe connotativa e recursos estilísticos. É propia da literatura e da publicidade.

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O porco de pé, Vicente Risco, Ed Galaxia

Tipos de descripción de persoa



Prosopografía: céntrase nos trazos físicos.

Etopea: describe as características psicolóxicas.

Retrato e autorretrato: combina prosopopea e etopea.

Caricatura: exaxera os trazos físicos ou psicolóxicos.

Escolle e describe!



Fin